

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**8363** *Real decreto 670/2014, do 1 de agosto, polo que se modifica o Regulamento do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 947/2001, do 3 de agosto.*

O Real decreto 947/2001, do 3 de agosto, aprobou o Regulamento do Servizo Xurídico da Seguridade Social, cuxo capítulo III se dedica a establecer o réxime do ingreso no corpo superior de letrados da Administración da Seguridade Social.

As probas selectivas para tal ingreso constan de dúas fases, a primeira de oposición e a segunda consistente nun curso selectivo. O punto terceiro do artigo 24 dispón para este último unha duración mínima de cinco e máxima de nove meses.

Como queira que a rixidez do prazo mínimo de duración do curso selectivo se revelou, en ocasións, como un obstáculo para a cobertura coa urxencia necesaria nos seus destinos definitivos dos letrados de novo ingreso, non mellorando con iso a precariedade en que se encontran algúns servizos xurídicos delegados da Seguridade Social, esta situación aconsellou modificar puntualmente a previsión regulamentaria flexibilizando a organización dos programas de prácticas. Tal previsión non só favorece esa maior eficacia na organización dos servizos xurídicos delegados senón que, ademais, se alia co resto de corpos e escalas de funcionarios da Administración da Seguridade Social non sometidos a períodos mínimos de prácticas.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Emprego e Seguridade Social, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2014,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 947/2001, do 3 de agosto.*

O punto 3 do artigo 24 do Regulamento do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 947/2001, do 3 de agosto, queda redactado nos seguintes termos:

«3. O curso terá unha duración máxima de nove meses e o seu contido concreto, así como o prazo máximo para o seu comezo e o centro ou órgano responsable da súa avaliación, deberán ser fixados na respectiva convocatoria.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de agosto de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO